

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DENOMINADO "SERVIZO DE ATENCIÓN LOGOPÉDICA PARA MENORES XORDOS E/OU CON DISCAPACIDADE AUDITIVA E AS SÚAS FAMILIAS"NO ANO 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE IDONEIDADE DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA.

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade pretende formalizar xunto coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2025. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a FAXPG no desenvolvemento dun proxecto de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias. O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade auditiva, a orientación sobre as estratexias comunicativas ás súas familias e a aos centros educativos (lingua de signos), o asesoramento ás familias e/ou contorno de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico da persoa menor así como a realización de accións formativas en lingua de signos en centros educativos (individuais e /ou grupais)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social e Igualdade ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración de acordo co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a de



promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, colectivo dentro do ámbito de competencias desta Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Por outra banda, resulta imposible promover a concorrencia para a concesión desta axuda, xa que se trata dun proxecto de carácter especializado que vai dirixido á atención logopédica de menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e á orientación sobre estratexias comunicativas ás súas familias e centros educativos, fomentando o desenvolvemento normalizado da familia, e existe un interese público acorde coas competencias desta dirección xeral en apoiar ás familias con menores xordos e /ou con discapacidade auditiva .

Para o seu desenvolvemento precisa da intervención de profesionais especializados no ámbito da xordeira e con amplos coñecementos dos diversos medios de comunicación que poden ser empregados polas persoas xordas, entre eles, a lingua de signos, sendo a FAXPG a única entidade coa representatividade abondo como para acadar os fins perseguidos coa colaboración que se recolle neste convenio, dado que conta cun tecido asociativo constituído por oito entidades asociadas, dispoñendo dun equipo de profesionais especializados na atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade e no traballo coas súas familias

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

